

Música tradicional

INTERRITMOS

XORNADAS E ACTUACIÓNS MUSICAIS



ORGANIZAN



COLABORAN



FINANCIAN



SONSDORURAL

PROGRAMA

“A evolución da industria cultural: presente e futuro da música tradicional / de raíz na sociedade actual”

Asistencia gratuita previa inscrición en: <https://interritmos.delo.es>

Para todos os públicos.

(Aforo limitado)

Sábado, 25 de setembro - Náutico de San Vicente do Mar (O Grove).

13:00 - 13:45 h. **XORNADA.**

Hai futuro! O relevo na música tradicional. O legado cultural chega a nós e somos responsables de mantelo vivo. Como gardar o latexo da cultura tradicional respectando a súa armazón? A resposta pode ser tan sinxela como complexa: novos tempos, novos aires.

Relator. **Marcos Bárcena.**

Cantante, compositor e multiinstrumentista recoñecido no panorama musical de Cantabria.

16:00 - 18:00 h. **CONCURSO MUSICAL.**

Actuación dos 6 finalistas de Interritmos sons do Rural: **Paraiso Canto - Charanga Trébede - MudLand - Zoelas - Arredores - Asociación Os Liantes**, e selección dos gañadores.

Xurado.

Marcos Bárcena, Pablo Díaz e Olga Kirk.

Amenizará o evento o grupo de música tradicional Alvariza, da Asociación Cultural A Regionalista.



Sábado, 2 de outubro - Praza de España, Porto do Son.

19:00 - 19:30 h. **ACTUACIÓN GRUPO GAÑADOR INTERRITMOS SONS DO RURAL.**

19:45 - 20:30 h. **XORNADA.**

Herdanzas e sons: cociña da festa. Non sabemos a orixe da música, máis podemos asegurar que é tan consubstancial á humanidade como a linguaxe e moito máis, é emoción, coñecemento, comunicación, é manifestación de cultura e subxectividade: Non hai muiñeira sen xota, nin romaría sen foliada!

Relatora. **Montse Rivera.**

Mestra de baile tradicional no eido da cultura galega.

20:45 - 21:15 h. **ACTUACIÓN GRUPO GAÑADOR INTERRITMOS SONS DO RURAL.**

Venres, 8 de outubro - Aldea Modelo de Trascastro (O Incio).

18:00 h. **VISITA A ALDEA MODELO DE TRASCASTRO.**

18:30 - 19:15 h. **XORNADA.**

Encaixes e co-protagonismo da música tradicional / de raíz nos espazos da festa. Os carteis da festa / festivais son reflexo da sonoridade da mesma. Cal é a cabida da música tradicional / de raíz nos mesmos? Que papel xoga?

Relatora. **Susana Seivane.**

Gaiteira, herdeira de tradición con aire fresco.

19:15 - 19:45 h. **ACTUACIÓN GRUPO GAÑADOR INTERRITMOS SONS DO RURAL.**

20:00 h. **DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS, DA ALDEA MODELO DE TRASCASTRO.**

Sábado, 9 de outubro - Conxunto etnográfico das adegas centenarias de Vilacha de Salvador (A Pobra do Brollón).

13:00 h. **EXPERIENCIA ADEGAS DA MEMORIA NAS ADEGAS CENTENARIAS DE VILACHA DE SALVADOR (A POBRA DO BROLLÓN).**

13:30 - 14:15 h. **XORNADA.**

Novos camiños: transmisión dixital da música tradicional / de raíz. Dise que a transmisión oral se perdeu, xa non ten cabida na sociedade actual. Como se traduce a era dixital no eido da música tradicional? Estamos fronte a unha nova forma de oralidade?

Relator. **Xabier Díaz.**

Pandereiteiro por paixón e de profesión.

14:30 - 15:00 h. **ACTUACIÓN GRUPO GAÑADOR INTERRITMOS SONS DO RURAL.**

15:00 h. **DEGUSTACIÓN PRODUTOS LOCAIS E CATA DE VIÑOS DA D.O RIBEIRA SACRA.**

Moderadora das xornadas.

Luis Pardo. Presentador Hoy por hoy (Cadena Ser - Galicia).

Presentadora das actuacións musicais.

Julia Pozo. Mestra e investigadora de música e baile tradicionais.